

**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE XERACIÓN DE COÑECEMENTO CORRESPONDENTES AO PROGRAMA ESTATAL DE XERACIÓN DE COÑECEMENTO E FORTALECEMENTO CIENTIFICO E TECNOLOXICO DO SISTEMA DE I+D+I, SUBPROGRAMA ESTATAL DE XERACIÓN DE COÑECEMENTO, NO MARCO DO PLAN ESTATAL DE INVESTIGACION CIENTÍFICA E TÉCNICA E DE INNOVACIÓN 2017-2020**

Ven de publicarse a [convocatoria](#) para o ano 2018 de axudas para a realización de proxectos de I+D Subprograma Estatal de Xeración de Coñecemento.

**TIPOS DE PROXECTOS**

**PROXECTOS TIPO A.** Proxectos dirixidos por un ou dous investigadores principais, con contribucións científicas-técnicas relevantes e innovadoras que cumpran os requisitos específicos establecidos no artigo 7.1 para este tipo de proxectos.

**PROXECTOS TIPO B.** Proxectos dirixidos por un ou dous investigadores principais con traxectoria investigadora consolidada que cumpran os requisitos que establece o artigo 7.1 para este tipo de proxectos.

**PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

| AREA TEMÁTICA CIENCIAS SOCIAIS E HUMANIDADES (CSH) |   |                          |
|--|---|--------------------------|
| CC. Sociais e Humanidades                          | Prazos no Axencia                       | Fin do prazo na OIT      |
| CSO/Ciencias Sociais                               | 11/09/2018 ata 02/10/2018 (15:00 horas) | 27/09/2018 (14:00 horas) |
| DER/ Dereito                                       |   |                          |
| ECO/ Economía                                      |   |                          |
| EDU/ Ciencias da Educación                         |   |                          |
| FLA/ Cultura: Filoloxía, Literatura e Arte         |   |                          |
| MLP/ Mente, Linguaxe e pensamento                  |   |                          |
| PHA/ Estudos do pasado: historia e arqueoloxía     |   |                          |
| PSI/ Psicología                                    |   |                          |
| AREA TEMÁTICA CIENCIAS DA VIDA (CV)                |   |                          |

| Ciencias da Vida  | Prazos na Axencia                       | Fin do prazo na OIT      |
|---|---|--------------------------|
| BIO/ Biociencias e Biotecnoloxía  | 12/09/2018 ata 03/10/2018 (15:00 horas) | 28/09/2018 (14:00 horas) |
| BME/ Biomedicina  |   |                          |
| CAA/Ciencias Agrarias e agroalimentarias  |   |                          |
| CTM/Ciencias e Tecnoloxía medioambientais   |   |                          |
| <b>AREA TEMÁTICA CIENCIAS MATEMÁTICAS, FÍSICAS, QUÍMICAS E ENXEÑERÍAS (CMIFQ)</b> |   |                          |
| Matemáticas, físicas, químicas e enxeñerías                                       | Prazos na Axencia                       | Fin do prazo na OIT      |
| CTQ/Ciencias e tecnoloxías químicas   | 13/09/2018 ata 04/10/2018 (15:00 horas) | 28/09/2018 (14:00 horas) |
| EYT/Enerxía e transporte  |   |                          |
| FIS/ Ciencias Físicas   |   |                          |
| MAT/ Ciencias e Tecnoloxías de Materiais  |   |                          |
| MTM/Ciencias Matemáticas  |   |                          |
| PIN/Producción Industrial, Enxeñería civil e enxeñerías para a sociedade          |   |                          |
| TIC/Tecnoloxías da información e das comunicacións                                |   |                          |

## NOVIDADES DA CONVOCATORIA

A convocatoria deste ano presenta, entre outras, as seguintes novidades de grande calado:

- i.-Compren o requisito de vinculación os investigadores principais e o persoal do equipo de investigación que teñan unha relación funcional, estatutaria, laboral (indefinida ou temporal) ou calquera outro vinculo profesional coa entidade solicitante ou con outra entidade que cumpra os requisitos previstos no artigo 4 da convocatoria.
- ii.-Desaparece o equipo de traballo como tal, no que figuraban doutores que aportaban o CVA en solicitude e se rexistraban na aplicación de solicitude. Se compren os requisitos, formarán parte do equipo de investigación; e se non, formarán parte do plan de traballo, que deberá detallarse na memoria científico-técnica do proxecto, no que se describirán as actividades que realicen, podéndose imputar ao proxecto os gastos subvencionábeis derivados das mesmas.
- iii.-En convocatorias anteriores permitíase a sinatura de convenios con outras entidades, para regular a transferencia de fondos do proxecto. Nesta convocatoria non existe esa posibilidade.

- iv.-Hai unha única clasificación de áreas e subáreas temáticas, con tres grandes ámbitos científicos: Ciencias da vida, ciencias sociais e humanidades e ciencias matemáticas, físicas, químicas e enxeñerías.
- v.-Será obrigatoria a selección dunha área ou subárea temática.
- vi.-Será opcional a selección duna segunda área ou subárea temática.
- vii.-Non se piden os nomes do EPO (Ente promotor observador)
- viii.-Non se rexistrarán os doutores do equipo de traballo.
- ix.-Non se piden os CVA dos doutores do equipo de traballo (xa que non se rexistran)
- x.-O sistema non permitirá xenerar a solicitude definitiva si se intenta achegar unha memoria científico-técnica superior a 30 páxinas nun proxecto coordinado e superior a 20 páxinas nun proxecto individual.
- xi.-O sistema non permitirá xenerar unha solicitude definitiva si se intenta achegar un CVA superior a 4 páxinas.
- xii.-A memoria científico-técnica deberá redactarse en:
- Proxectos con orzamento igual ou superior a 100.000 euros en INGLES (obrigatorio)
  - Para o resto dos proxectos con orzamento inferior a 100.000 euros en INGLES (recomendado)
- xiii.-Desaparecen os apartados A e B da memoria, quedando soamente un apartado (equivalente ao anterior apartado C: documento científico).
- xiv.-A aplicación informática non permitirá xenerar a solicitude definitiva si o ficheiro da memoria excede do número máximo de páxinas establecido (20, en proxectos individuais, 30 en proxectos coordinados). Si tivera que reducirse o número de páxinas, debe conservarse o tamaño de letra e resto do formato esixido na convocatoria.
- xv.-Para todos os proxectos, independentemente do orzamento solicitado, recomendase aportar os CVA en inglés.
- xvi.-A aplicación informática non permitira xenerar a solicitude definitiva si o ficheiro do CVA excede de 4 páxinas establecido na convocatoria. Si tivera que reducir o número de páxinas, debe conservarse o tamaño de letra e resto do formato esixido na convocatoria.

## SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN

### SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA QUE UN INVESTIGADOR DA USC POIDA PARTICIPAR COMO INVESTIGADOR PRINCIPAL OU MEMBRO DO EQUIPO DE INVESTIGACIÓN NUN PROXECTO PRESENTADO POR OUTRA ENTIDADE

Nesta convocatoria igual que na do ano anterior permítese que un investigador vinculado a unha entidade distinta á solicitante poida participar como investigador principal ou membro do equipo de investigación dun proxecto, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Que a entidade á que está vinculado cumpre os requisitos do artigo 4 da convocatoria
- Contar coa autorización expresa da entidade á que está vinculado. Os formularios de autorización os pode atopar nos seguintes enlaces: [como IP](#) , [como membro do equipo de investigación](#)

Para poder obter esa autorización por parte da USC, deberá achegarse o formulario, debidamente cumprimentado, **antes das 14 horas do día 20 de setembro**, ao seguinte enderezo electrónico: [mariajose.enriquez@usc.es](mailto:mariajose.enriquez@usc.es)

#### **SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA QUE UN INVESTIGADOR DOUTRA ENTIDADE PARTICIPE COMO INVESTIGADOR PRINCIPAL NUN PROXECTO PRESENTADO POLA DA USC**

Neste caso será necesario contar, con carácter previo, coa autorización por parte da USC. Para acadar dita autorización deberá achegar o [formulario](#), debidamente cumprimentado, **antes das 14 horas do día 20 de setembro**, ao seguinte enderezo electrónico [mariajose.enriquez@usc.es](mailto:mariajose.enriquez@usc.es)

#### **SOLICITUDE DE COMPROMISO DE MANTEMENTO DA VINCULACIÓN DURANTE A EXECUCIÓN DO PROXECTO**

As solicitudes de proxectos de investigación nas que **o Investigador Principal ou algún dos membros do equipo de investigación non teñan vinculación coa USC, pola duración total do proxecto**. Para obter o compromiso de mantemento da vinculación durante a execución do proxecto, deberase achegar o [formulario](#), debidamente cumprimentado, **antes das 14 horas do día 20 de setembro** ao enderezo electrónico [mariajose.enriquez@usc.es](mailto:mariajose.enriquez@usc.es)

**Sen contar coa autorización da Vicerreitoría de Investigación Innovación NON se poderá incluír como IP ou como membro do equipo de investigación a ningún investigador que non teña vinculación pola duración total do proxecto.**

**Si nalgún proxecto se inclúe ao investigador principal ou a algún membro do equipo de investigación, sen vinculación pola duración total do proxecto, sen contar coa a autorización por parte desta Vicerreitoría, a USC se reserva o dereito de RENUNCIAR a dito proxecto.**

***Cando se prantexe esta situación recoméndase que a duración dos proxectos se axuste ao período de vinculación dos investigadores coa USC.***

Polo que respecta aos Profesores Axudante Doutor da USC con contrato en vigor, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación os autorizará a presentar proxectos, ben en calidade de Investigador Principal ou ben como membro do equipo de investigación, sempre e cando a previsión de finalización formal do seu contrato sexa posterior á data de finalización do proxecto.

### **CUMPRIMENTACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

A cumprimentación e presentación de solicitudes deberá realizarse a través da aplicación de solicitude habilitada na sede electrónica do ministerio, nos prazos establecidos para cada modalidade:

#### ***Seguindo os seguintes pasos:***

1º.-Agás que se estivera inscrito anteriormente, o Investigador Principal (IP), deberá estar dado de alta no RUS.

***No caso de proxectos con dous investigadores principais, o formulario o presentará o que este identificado en dita solicitude como interlocutor coa Axencia. No caso de proxectos coordinados constituídos por dous ou mais subproxectos, o investigador principal de cada subproxecto deberá presentar unha solicitude.***

2º.-O formulario electrónico de solicitude conterá, ademais dos datos identificativos do proxecto, entidade solicitante e membros do equipo de investigación a seguinte información:

- Identificación da área e non seu caso subárea temática de xestión seleccionada para a avaliación do proxecto. En caso de proxectos coordinados, todos os subproxectos serán avaliados na área temática de xestión do investigador coordinador.
- Resumo en español e en inglés do proxecto, e reseña do CV do investigador/es principais.
- A solicitude, de ser o caso, de inclusión do proxecto na convocatoria de Contratos Predoutorais para a Formación de Doutores.
- A aceptación, de ser o caso, de que a avaliación poida ser transferida ao órgano convocante dunha convocatoria de proxectos de investigación das comunidades autónomas.
- Descrición do impacto socioeconómico esperado do proxecto sobre o Estado ou a rexión na que se desenvolva.
- Os indicadores para levar a cabo a avaliación ex post das actuacións.
- A utilización de recursos xenéticos españois ou estranxeiros conforme á definición da utilización de recursos xenéticos dada no RD 124/2017 de 24 de febreiro.
- Indicación do tipo de proxecto elixido (A ou B)
- No caso de solicitar un proxecto tipo A, a concorrencia, no seu caso, dalgunha das situacións contempladas no artigo 7.1.e) para a ampliación da data limite inferior para a obtención do grao de doutor.

Ao formulario electrónico de solicitude, o investigador principal deberá anexar a seguinte documentación obrigatoria, que se considerará parte integrante e contido mínimo da solicitude:

**MEMORIA CIENTIFICO-TECNICA** do proxecto que se presentará necesariamente nos modelos normalizados dispoñibles na [páxina WEB na Axencia](#), debendo respectarse o contido, extensión e formatos indicados nesta convocatoria, con letra ***Times New Roman ou Arial dun tamaño mínimo de 11 puntos, marxes laterais de 2,5 cm; marxes superior e inferior de 1,5 cm, espazado mínimo sinxelo.***

**Para os proxectos individuais** a memoria terá unha extensión máxima de 20 páxinas.

**Nos proxectos coordinados** dita memoria terá unha extensión máxima de 30 páxinas

Cando se presente a solicitude dun proxecto coordinado, haberá unha única memoria científico técnica que incluíra os obxectivos e tarefas de cada un dos subproxectos. Dita memoria será achegada polo investigador coordinador do proxecto. A aplicación telemática a incorporará automaticamente a cada un dos subproxectos.

A presentación en lingua inglesa da memoria científico-técnica será obrigatoria no caso de solicitudes de proxectos nos que a cantidade económica solicitada (en custos directos) sexa igual ou superior a 100.000 euros. No caso de proxectos coordinados, se a cantidade total solicitada polo proxecto coordinado fose igual ou superior a 100.000 euros en custos directos, a memoria científico técnica do proxecto coordinado presentárase obrigatoriedade en lingua inglesa. Non obstante con carácter xeral recoméndase a presentación da dita memoria en inglés en todos os proxectos.

**CURRÍCULO VITAE ABREVIADO (CVA)** do investigador ou investigadores principais. O CVA realizarase no modelo normalizado dispoñible na web da axencia e presentarse en inglés ou en español, **con letra Times New Roman ou Arial dun tamaño mínimo de 11 puntos; marxes laterais de 2,5 cm, marxes superior e inferior de 1,5 cm; e espazado mínimo sinxelo. Terá unha extensión máxima de 4 páxinas.**

Tamén será válido o CVA que se xenera de xeito automático dende a aplicación “currículo vitae” normalizado dispoñible na web da FECYT, empregando a opción de xeración de currículo abreviado.

Non se admitirán CVA con anexos ou outra información unha vez superada a extensión de 4 páxinas.

O investigador principal deberá achegar na aplicación, segundo as características do proxectos presentado, os seguintes documentos, segundo os modelos normalizados dispoñibles na páxina web da Axencia:

**CURRICULUM VITAE ABREVIADO (CVA)** de todos os compoñentes do equipo de investigación. Realizarase no modelo normalizado dispoñible na web do AXENCIA, **con letra Times New Roman ou Arial dun tamaño mínimo de 11 puntos, marxes laterais de 2,5 cm, marxes superior e inferior de 1,5 cm, espazado mínimo sinxelo. Terá unha extensión máxima de 4 páxinas.**

Tamén será válido o CVA que se xenera de xeito automático dende a aplicación “currículo vitae” normalizado dispoñible na web da FECYT.

Nos proxectos tipo A, descritos no artigo 11.11.a), cando proceda, a acreditación documental, da concorrencia dalgunha das situacións citadas no artigo 7.1.e) 1º para a ampliación da data límite inferior para a obtención do grao de doutor, que deberá facerse aportando un único documento en formato pdf.

Unha vez rematada a cumprimentación da solicitude, o investigador principal validará e a enviará telematicamente.

O IP Imprimirá os documentos que xenere automaticamente a aplicación telemática onde consignará as sinaturas orixinais do IP e do resto do equipo de investigación.

Estes documentos deberán se entregados na Oficina de Investigación e Tecnoloxía (Santiago/Lugo) antes do fin dos prazos de presentación na OIT indicados mais arriba.

**MOI IMPORTANTE.**-Os documentos de memoria científico-técnica e currículo vitae abreviado do investigador principal non poderán ser mellorados nun momento posterior ao remate do prazo de presentación de solicitudes, polo que se recomenda o máximo coidado na cumprimentación e carga destes documentos, de xeito que cumpran todos os requirimentos establecidos na convocatoria e nos modelos normalizados e se eviten problemas de inadmisión dos mesmos.

## COMITÉ DE BIOÉTICA

A realización dos proxectos obxecto destas axudas deberán aterse ao establecido nos principios internacionais e na normativa vixente en materia de bioética, experimentación animal, bioseguridade, seguridade biolóxica, protección do medioambiente, patrimonio natural e biodiversidade, patrimonio histórico e cultural e protección de datos.

No caso de proxectos que impliquen investigación en humanos, ou a utilización de mostras de orixe humano, ou que impliquen especificamente a utilización de células e tecidos de orixe embrionario humano, deberá solicitarse o correspondente informe a:

Comité Ético de investigación clínica de Galicia

Telf. 881546425

e-mail [ceic@sergas.es](mailto:ceic@sergas.es)

No caso de proxectos que impliquen, experimentación animal, utilización de organismos modificados xeneticamente ou axentes biolóxicos de risco para a saúde ou o medio ambiente, deberá enviar ao enderezo electrónico : [comite.bioetica@usc.es](mailto:comite.bioetica@usc.es) a seguinte documentación

### Solicitud de informe:

<http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-2-26-229>

Á vista desta documentación o comité emitirá o correspondente informe.

Estes informes deben ser solicitados unha vez que o ministerio publique as resolucións provisionais de concesión.

## INFORMACIÓN

Para consultar calquera dúbida sobre a convocatoria poderá poñerse en contacto:

### Consultas de carácter xeral:

Consultas de tipo xeral sobre a convocatoria:

[http://www.ciencia.gob.es/portal/site/MICINN/consulta\\_ayudas](http://www.ciencia.gob.es/portal/site/MICINN/consulta_ayudas)

Consultas de tipo informático:

[http://www.ciencia.gob.es/portal/site/MICINN/consulta\\_informatica](http://www.ciencia.gob.es/portal/site/MICINN/consulta_informatica)

consultas relacionadas con el Sistema de Entidades (SISEN):

[registroentidades@aei.gob.es](mailto:registroentidades@aei.gob.es)

teléf. 912 582 852

OIT: Extensións 16265, 16249

Por outra banda indícanse a continuación algúns datos de interese necesarios para cumprimentar a solicitude.



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN  
E INNOVACIÓN  
Oficina de Investigación e Tecnoloxía  
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D  
Edificio CACTUS – Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
Tel. 881816201 - Fax 881811357  
Correo electrónico: [cittinfo@usc.es](mailto:cittinfo@usc.es)  
<http://imaisd.usc.es>

#### DATOS DE INTERESE

|                            |  |
|----------------------------|--|
| <b>CIF da USC:</b>         | Q 1518001-A  |
| <b>Representante legal</b> | Vicente Pérez Muñuzuri                               |
| <b>Persoa de contacto</b>  | Emilio Santos Vigo                                   |
| <b>Teléfono:</b>           | 881811000 16201                                      |
| <b>Telefax:</b>            | 881816203  |
| <b>Correo electrónico</b>  | <a href="mailto:cittinfo@usc.es">cittinfo@usc.es</a> |
| <b>Dirección:</b>          | Edificio Cactus, Campus Vida                         |
| <b>Código Postal:</b>      | 15782 Santiago                                       |

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación quere agradecer a tódolos investigadores a súa colaboración neste proceso.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018  
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación